



RESUMEN ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 16 DE XULLO DE 2014.

- 1º.- **APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:**
- Acta da sesión ordinaria do 08 de xullo de 2014

2º.- **URBANISMO.**

2.1.- Acondicionamento de vivenda existente para destinala a casa de turismo rural, no lugar de O Foxo, nº 22 (Silleda), solicitado por Fernando Taboada Castro en representación de CONSTRUCCIONES TABOADA Y CASTRO, S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **acorda:**

PRIMEIRO: A concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o arquitecto no informe anteriormente transcrito, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade.

2.2.- **Ampliación do cemiterio parroquial de Santa María de Cortegada (Silleda), solicitado por Carlos Fondevila López, en representación da ASOCIACIÓN VECIÑAL-CULTURAL CORTEGADA.**


A Xunta de Goberno Local, **acorda** dar traslado dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos, a fin de que emitan informe previo á concesión de licencia municipal:

1.- Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a fin de que se emita, se procede, autorización autonómica previa á concesión de licenza municipal.

3º.- **MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS NO PARQUE EMPRESARIAL ÁREA 33.**

A Xunta de goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda :**

PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 95.326,77 € máis IVE "Mellora de infraestruturas viarias no Parque Empresarial Área 33"



SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 115.345,40 €, o gasto que para este Concello representa a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 454.601, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente que foi obxecto de prórroga o 02 de xaneiro de 2014.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

CUARTO.- Solicitar ofertas as seguintes empresa:


- Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
R/ progreso, nº 59
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Endenor
Ansemil, nº 27
36.546 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Arean S.L.
Parque Empresarial Área 33, parcela 10A
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Míguez Xestoso S.L.
Xestoso
36.549 - Silleda (Pontevedra)
- Conservia Rehabilitación y Servicios, S.L.
R/ Pastor Díaz, nº 1-6ª Planta, Oficina B
36.001 - Pontevedra
- Construcciones Taboada y Ramos S.L.
Polígono Industrial Lalín 2000 - Parcela C-26
36.500 - Lalín (Pontevedra)

QUINTO.- Nomear como director das obras ó Arquitecto redactor do proxecto, Abraham Castro Neira

4º.- EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES E PARLADOIROS DE SILLEDA - ANUALIDADE 2014.

A Xunta de goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda :

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado, do



Contrato de suministro por importe de 32.155,20 € máis IVE "Equipamento para Biosaludables e Parladoiros de Silleda - Anualidade 2014"

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 38.910,21 €, o gasto que para este Concello representa a contratación do suministro por procedemento negociado, con cargo á aplicación orzamentaria 453.609.00, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente que foi obxecto de prórroga o 02 de xaneiro de 2014.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e características técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Solicitar ofertas as seguintes empresa:

- Endenor
Ansemil, nº 27
36.546 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Arean S.L.
Parque Empresarial Área 33, parcela 10A
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Baygar
Ande (Rubianes) - Apdo. 105
36619 - Villagarcía (Pontevedra)

5º.- RENOVACIÓN DO SISTEMA DE ILUMINACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DE BANDEIRA - CONCELLO DE SILLEDA.

A Xunta de goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda :

PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 45.241,15 € "Renovación do Sistema de Iluminación no Campo de Fútbol de Bandeira-Concello de Silleda"

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 45.241,15 €, o gasto que para este Concello representa a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 459.629.00, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente que foi obxecto de prórroga o 02 de xaneiro de 2014.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

CUARTO.- Solicitar ofertas as seguintes empresa:

- Construcciones Arean S.L.
Parque Empresarial Área 33, parcela 10A
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Instalaciones Deza S.L.
Fucarelos, nº 6 - Cira
36.587 - Silleda (Pontevedra)
- Electricidade Arteaga Gres S.L.
Gres, nº 5
36.587 - Vila de Cruces (Pontevedra)

QUINTO.- Nomear como director das obras ó Arquitecto redactor do proxecto, Abraham Castro Neira